



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

BASES PARA A CONTRATACIÓN DUN SERVICIO DE ASESORÍA FISCAL, LABORAL E CONTABLE

1.- Obxecto:

Teñen por obxecto as presentes bases a contratación do servizo de asesoría fiscal laboral e contable para a Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños. O servizo consistirá elaboración da contabilidade conforme ó establecido no Plan Xeral de Contabilidade e no Real Decreto 776/1998, de adaptación do PXC ás entidades sen fins lucrativos, elaboración das Contas Anuais, levadía de libros, a tramitación e liquidación dos impostos correspondentes, confección de nóminas, seguros sociais, contratos laborais e demais procedementos habituais na xestión laboral, fiscal e contable da entidade, en función da normativa aplicable en cada momento á Asociación.

Establécese como prezo máximo de este servizo en 3.000 euros anuais (IVA incluído), no que se inclúen os desprazamentos, gastos derivados das copias dos documentos ou similares, e impostos. Dito prezo pode distribuírse parcialmente ó longo do exercicio económico por mensualidades ou trimestres segundo acordo entre as partes.

Non inclúe dito prezo as taxas e impostos que deba soportar a Asociación pola presentación dos documentos nos rexistros públicos correspondentes.

2.- Duración:

O contrato terá unha duración de un ano prorrogable ata o 31-XII-2015 salvo denuncia das partes. A denuncia debe producirse antes de un mes do peche do exercicio económico, e obrigará á Asociación a satisfacer o prezo do exercicio completo, e o Contratista permanecerá obrigado ó cumprimento das obrigas derivadas do contrato durante ese exercicio e as que correspondan ó mesmo diferidas no exercicio vindeiro.

3.- Requisitos dos aspirantes:

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participar no proceso de contratación:

- Xestor Administrativo, Licenciado en Economía, Dereito ou equivalente.
- Alta na Seguridade social ou mutualidade, de se-lo caso.
- Maior de idade, ser español, nacionalidade dalgún dos países membros da Comunidade Europea ou estranxeiro con residencia legal en España.
- Non estar incurso nos supostos establecidos no artigo 498 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Tódolos requisitos mencionados deberán posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias e manterse durante o período de vixencia do contrato.



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

En caso de que o ofertante sexa unha persoa xurídica, esta deberá contar no seu equipo con una persoa física que cumpra estes requisitos, e deberá ser explicitada na súa proposta, así como ter un obxecto social relacionado co traballo a realizar.

4.- Procedemento de contratación:

Os interesados presentarán as súas solicitudes mediante unha instancia (modelo libre) dirixida ó Presidente da Asociación de Desenvolvemento de Bergantiños no seguinte domicilio: A Camposa – Buño 15111 Malpica de Bergantiños (A Coruña), dentro do prazo establecido nas presentes bases. Cando os solicitudes sexan enviadas por correo, o concursante deberá xustifica-la data de imposición do envío e anunciar a remisión da súa solicitude mediante fax (ó número 981 71 10 70) ou telegrama antes das 14.00 horas do último día do prazo de presentación de solicitudes.

Xunto coa solicitude incluírase o Currículo do solicitante, copia da documentación xustificativa dos méritos alegados no Currículo e o prezo ofertado nun sobre pechado.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, e nos vindeiros dez días reunírase a Comisión de Selección no domicilio da Asociación. A Comisión analizará as solicitudes recibidas, o cumprimento dos requisitos dos aspirantes, a tramitación do expediente de contratación e puntuará cada unha delas en función dos criterios de valoración dos currículos establecidos no punto cinco das presentes bases, e elaborarán un acta onde se recolla a puntuación de cada aspirante e unha proposta de contratación, e será elevada ó Presidente. A data e hora da comisión será anunciada no taboleiro de anuncios da Asociación e comunicado ós solicitantes por correo electrónico, si o facilitasen, por si quixesen asistir á apertura de proposicións.

A contratación realizarase mediante resolución do Presidente da Asociación, vista a proposta elevada pola Comisión de Selección, a favor do aspirante que maior puntuación obtivese. A resolución da contratación publicárase no taboleiro de anuncios desta entidade.

Os restantes candidatos, pola orde da puntuación obtida, poderán ser contratados no caso en que renuncie o aspirante seleccionado, ou este non achegue a documentación prevista no punto sete das presentes bases, ou non asine o contrato no prazo que se lle indicara.

O candidato seleccionado deberá achegar antes da contratación a xustificación orixinal dos méritos apuntados no Currículo, e dos requisitos esixidos no punto tres das presentes bases para o cal deberá achegar os seguintes documentos:

- a) DNI ou CIF, e demais documentación acreditativa da personalidade xurídica.
- b) Alta na SS da empresa ou como traballador autónomo ou mutualidade correspondente.
- c) Documentación acreditativa de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social.

O contrato será asinado polo Presidente da Asociación, debendo informar na seguinte reunión da Xunta Directiva.



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

5.- Criterios de valoración do Currículo dos solicitantes.

Os méritos a valorar para a maior adecuación dos candidatos ó posto ofertado se recollen na seguinte táboa:

MÉRITO		PUNTUACIÓN
VALORACIÓN DE MÉRITOS	Formación relacionada coa asesoría e xestión de entidades non lucrativas.	Máximo 1
	Cursos de 10 horas ou menos	0,1
	“ de 11 a 30 horas	0,2
	“ de máis de 30 horas	0,3
	Experiencia profesional	
	0,25 puntos por ano completo de experiencia	Máximo 1
OFERTA ECONÓMICA	0,1 puntos por cada punto porcentual de desconto sobre o prezo máximo establecido	Máximo 5

6.- Comisión de selección.

A Comisión de selección estará composta por:

Presidente da Comisión: O Presidente da Asocaión de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños D. Evencio Ferrero Rodríguez, designándose como suplente ó Vicepresidente da entidade D. José Ramón Varela Rey.

Secretario da Comisión: O Secretario da entidade D. José Manuel Varela Rey, designándose como suplente a D. José Muiño Domínguez membro da Xunta Directiva da Asociación.

Vocais:

1º D. David Rodríguez Rodríguez membro da Xunta Directiva da Asociación, designándose como suplente a Dª. Dolores Fernández García membro da Xunta Directiva da Asociación.

2º D. Carlos Cambón Porteiro, Xerente da Fundación Comarcal de Bergantiños, designándose como suplente a D. José Ramón Andrade Amigo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Malpica de Bergantiños.

3º Un representante designado por AGADER con voz e sen voto.

A Comisión de Selección estará constituída válidamente cando asistan como mínimo a metade dos seus membros. Esta actuará conforme ás presentes bases e resolverá as posibles dúbidas na súa interpretación e no non previsto nas mesmas.

7.- Exposición das bases e prazo de presentación de solicitudes.

As presentes bases unha vez aprobadas pola Xunta Directiva, expóranse ó público no Taboleiro de Anuncios da Asociación ata o prazo establecido para a presentación de solicitudes, e publicarase un anuncio nun xornal de difusión provincial o anuncio de contratación. Dende publicación do anuncio habrá



Asociación de Desenvolvemento
da Comarca de Bergantiños

dez días hábiles para a presentación das ofertas, contados dende o seguinte á publicación. As reclamacións contra as presentes bases non suspenderán o prazo de presentación de instancias, pero demorarán a resolución do procedemento de contratación, hasta a resolución da reclamación por parte da Xunta Directiva. De seren aceptadas algunhas das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de solicitudes conforme as novas bases.

As presentes bases foron aprobadas na Xunta Directiva do 4 de xuño de 2009, e para que así conste:

O SECRETARIO:

Vº E PRACE
O PRESIDENTE:

Asdo.: José Manuel López Varela.

Asdo.: Evencio Ferrero Rodríguez.